

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O CURSO 2021-2022

Segundo a seguinte normativa de referencia:

- **Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro** polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación profesional.
- **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ESO

As novidades que se aplican neste curso 2021/2022 son as seguintes e aplicables as materias que imparte o departamento: **Lingua Galega e Literatura, Investigación e Tratamento da Información e Oratoria.**

- Haberá tres avaliacións parciais. A terceira terá lugar entre os días 6 e 9 de xuño de 2022.
- Haberá unha única avaliación final, que se realizará a partir do 23 de xuño; polo tanto non haberá avaliación extraordinaria.
- O período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e teoría.

Segundo o anterior o departamento aplicará os seguintes procedementos de actuación en canto á docencia e aos criterios de avaliación:

O alumnado que **teña superadas as tres avaliacións parciais**, debe ter en conta que a actividade lectiva non remata ata o 22 de xuño e que esta será obxecto de avaliación, debendo polo tanto superar a avaliación final ordinaria, a través da realización actividades de ampliación e/ou reforzo no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a final. A realización con éxito destas tarefas, que estarán relacionadas cos estándares da materia terán como obxecto mellorar a adquisición das súas destrezas e poderá repercutir na cualificación final do alumnado nesta materia, de ser o caso.

O alumnado que **non teña superada algunha das tres avaliacións parciais**:

- Deberá realizar actividades de apoio e reforzo, recuperación e/ou ampliación, de ser o caso. Estas actividades versarán sobre os estándares e as competencias que non se superaron ao longo do curso escolar 2021/2022, en calquera das avaliacións.
- Farase unha atención o máis individualizada posible deste alumnado co fin de mellorar as súas destrezas comunicativas.

- Realizaranse, se for necesarias, tanto probas orais coma escritas que demostren a adquisición dos estándares contemplados para o curso que estea realizando.
- O docente, se o precisa, poderá realizar unha proba final (exame) na que poderá recuperar algunhas das avaliacións non superadas, de ser o caso.
- Permitirase que aquel alumnado que non tivese entregado nos prazos previstos aqueles traballos ou actividades planificadas para ser realizadas na casa, poida entregalos para serlles avaliados.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que os establecidos na Programación Didáctica para o curso 2021/2022.

BACHARELATO

Segundo indica a **Orde do 25 de xaneiro de 2022...no Artigo 13.6** *“No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.”*

“No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización a avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoria”.

Segundo o anterior, aquel alumnado que **teña superada** con éxito a avaliación final, continuará realizando tarefas de ampliación e de reforzo dos estándares traballados ao longo do curso, ben como preparación para as probas de acceso á universidade –alumnado de 2º de Bacharelato–, ben como adquisición de base para o vindeiro curso de 2º bacharelato, de ser o caso.

Aquel alumnado que **non supere a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final ordinaria**, ten a oportunidade, ata a realización da avaliación final extraordinaria, de preparar –mediante actividades de apoio, reforzo e recuperación– a proba final extraordinaria. Esta proba final abranguerá os estándares traballados ao longo do curso.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que os establecidos na Programación Didáctica para o curso 2021/2022.